

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 2 de decembro de 2025 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de decembro de 2025, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas, e definitivamente o proxecto do trazado de mellora da seguridade e accesibilidade peonil na AC-542 Betanzos de clave AC/24/082.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón catrocentos dez mil cincocentos setenta e nove euros con seis céntimos (1.410.579,06 €) AC/24/082.06

Antecedentes:

Con data do 16 de abril de 2025 publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 74 o anuncio do 8 de abril de 2025, polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora da seguridade e accesibilidade peonil na AC-542 Betanzos, de clave AC/24/082.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de decembro de 2025, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas, e definitivamente o proxecto de trazado de mellora da seguridade e accesibilidade peonil na AC-542 Betanzos, de clave AC/24/082.06, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderase formular un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; sen prexuízo de que, con carácter previo e potestativo, poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto

CVE-DOG: knsp7ro4-srl4-ga54-quu2-zveksjzvm5



nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>, ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2025

María Deza Martínez
Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de decembro de 2025, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas, e definitivamente o proxecto de trazado de mellora da seguridade e accesibilidade peonil na AC-542 Betanzos, de clave AC/24/082.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón catrocentos dez mil cincocentos setenta e nove euros con seis céntimos (1.410.579,06 €).

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado de mellora da seguridade e accesibilidade peonil na AC-542 Betanzos, de clave AC/24/082.06, coas seguintes modificacións respecto do trazado sometido á información pública:

- Habilitar un carril central de xiro á esquerda para o acceso desde a AC-542 á N-VI en dirección á Coruña.
- Desprazar o refuxio e o paso de peóns (xunto coa ampliación da beirarrúa asociada a ese paso) ao p.q. 0+450, intercambiando a súa posición coa parada do transporte público.
- Desprazar o punto en que a banda de aparcamento cambia da marxe uns metros cara ao sur, co que se acadaría unha repartición máis equilibrada das prazas de aparcamento entre ambas as marxes entre os p.q. 1+440-1+670.
- Desprazar lixeiramente a posición da parada do transporte público do p.q. 1+460 e situar o refuxio nun punto en que non obstrúa a visibilidade desde a intersección de acceso á vía interior de Infesta.

CVE-DOG: knsp7ro4-srl4-ga54-quu2-zveksjzvm5



- Desprazar lixeiramente a posición da parada do transporte público do p.q. 1+650 e situar o refuxio nun punto en que non obstrúa a visibilidade desde a intersección de acceso á vía interior de Infesta.

- Habilitar un novo paso de peóns con prioridade coincidindo co punto en que a banda de aparcamento cambia da marxe, co que quedaría uns 50 m máis preto dos accesos á Infesta e ao Tarreo que o paso existente na actualidade.

- Desprazar lixeiramente cara ao sur o paso de peóns existente, co que quedaría uns 15-20 m máis preto dos accesos ao Camiño Real e á estación do ferrocarril.

- Habilitar todos os xiros á esquerda no elemento de cambio de sentido do p.q. 1+680.

- Cambiar a marxe de ampliación da estrutura sobre o ferrocarril, para que se realice pola marxe interior (dereita) da curva, e trasladar o itinerario peonil a esa marxe.

- Executar novas beirarrúas entre os p.q. 1+930 e 2+120.

- Restrinxir os movementos de xiro á esquerda no acceso a Xan Roxo.

- Habilitar o xiro á esquerda para o acceso ao Coto desde a AC-542.

- Reforzo da sinalización de limitación de velocidade máxima e ampliación de zonas restrinxidas a 50 km/h.

- Reforzo do sistema de drenaxe da estrada.

- Adaptación do deseño da vía de Pai Menni para o estacionamento temporal.

- Reforzo da drenaxe da estrada no lugar Casas Novas 11.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado de mellora da seguridade e accesibilidade peonil na AC-542 Betanzos, de clave AC/24/082.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón catrocentos dez mil cincocentos setenta e nove euros con seis céntimos (1.410.579,06 €).

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Betanzos, no cal se asentan as infraestruturas obxecto do proxecto, deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto en que se establecen as

CVE-DOG: knsp7ro4-srl4-ga54-quu2-zveksjzvm5



determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e as modificacións deste que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

CVE-DOG: knsp7ro4-srl4-ga54-quu2-zveksjzvm5p5

